


ACTIVIDADES ÁCIDOS NUCLEICOS

1. Como se clasifican as bases nitroxenadas?
2. Que diferenca hai entre nucleósidos e nucleótidos? Faga un debuxo de cada un deles, identificando as súas partes, os enlaces e o número dos carbonos implicados nos enlaces.
3. Represente a unión de dous nucleótidos.
4. Identifique o tipo de molécula que aparece na Figura 2. Sinale cales son as súas unidades estruturais, indique, **debuxo** e describa o tipo de enlace que as mantén unidas. En que compartimentos dunha célula eucariota se localiza a macromolécula representada na figura e que función desenvolve? Setembro 2015. Opción B



6. Sinale as semellanzas conformacionais (composición e estrutura) entre o ARN e o ADN.
7. Trala análise cuantitativa e cualitativa do xenoma de tres tipos de virus, obtívose o resultado que se adxunta na táboa. A vista destes resultados indica se os seus respectivos xenomas son:
 - ARN de cadea sinxela
 - ADN de cadea sinxela
 - ARN de cadea dobre
 - ADN de cadea dobre

VIRUS	A	T	G	C	U
A	20	20	30	30	0
B	20	0	30	25	25
C	20	28	29	23	0

8. Si ao facer a análise da proporción de adenina do cromosoma 21 resultase ser do 33% e a do cromosoma 22 fose do 23%, responde:
 - a) Determina a proporción de cada unha das outras bases de cada cromosoma.
 - b) Indica que cromosoma presenta maior resistencia á desnaturalización por "calor" e as causas.

9. Unha vez illado un fragmento monocatenario de DNA humano, analizáronse as proporcións das bases nitroxenadas encontrándose: A:27%; G:35%; C:25%; T:13%.

a) Determina as proporcións de bases da cadea complementaria.